

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de novembro de dous mil dezaoto; as dez horas e dez minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Ricardo González Amaro, Dona María López Touza.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado sete de novembro do dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO-

1.- Visto o escrito presentado por dona Silvia Suárez Alvarez solicitando acometida de auga na rúa San Martiño 9-2º, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 6-11-2018 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL

1.- Visto o escrito presentado por don Miguel García Domínguez solicitando acometida de auga en rúa Ribeiro 5, baixo Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno

Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 6-11-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

2.- Visto o escrito presentado por Interactive Learning SL solicitando acometida de auga en Avenida Redondela 4, baixo Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 29-10-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

-Escrito de dona María Begoña Pérez Quevedo Ballesteros solicitando a urxente acometida e suficiente canalización das augas pluviais e fecháis das rúas Baixada á Barca e Alvaro Cunqueiro.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que xa se está realizando o solicitado.

-Escrito de Aqualia , concesionaria da xestión do servizo integral de augas, comunicando en cumprimento do establecido polo Regulamento da UE relativo a protección de datos de persoas físicas os provedores que prestan servizos a dita empresa e poden ter acceso a datos persoais.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes escritos:

-Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se da por finalizado o proxecto de posta en valor da ponte histórica de Prexigueiro (Ribadavia, Ourense9.

-Resolucion da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se da por finalizado o proxecto de “ Control arqueolóxico na ponte medieval de Francelos, Ribadavia (Ourense)

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 da obra denominada “Mellora de camiños municipais no Concello de Ribadavia”, redactada pola Técnico Director da Obra Don Salvador Añel Prada, executado pola empresa Asfagal Técnicas Viarias S.L., por un importe total de 22.168,17 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1, anteriormente indicada por importe de 22.168,17 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Asfagal Técnicas Viarias S.L. co nº 1811005 , de data 12.11.2018, pola mesma cantidade.

CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DE ACCESIBILIDADE AO PARQUE DOS XARDINCILLOS E BEIRARUAS DO SEU ENTORNO”.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 e Final da obra denominada “Mellora de accesibilidade ao parque dos xardincillos e beirarrúas do seu entorno”, redactada pola Técnico Director da Obra Don Miguel Angel Pérez Marquina, executado pola empresa Construccions Lemos Martínez S.L. por un importe total de 55.209,71 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1 e Final, anteriormente indicada por importe de 55.209,71 euros, aboamento que se fará con cargo as aportacións da Consellería de Política Social e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Construcciones Lemos Martínez S.L..co nº FE2018/63. de data 07.11.2018, pola mesma cantidade.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº14/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº14/18, por importe de 11.562 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas e vinte e cinco minutos da mañá, ergueuse a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE